




AULA 4 ANOS: OBSERVACIÓN E REFLEXIÓN SOBRE O CADRO “POBRES A LA ORILLA DEL MAR”.

	<p>1º e 2º peza (superior e inferior).</p> <p>Preguntamos que haberá. Din que como na parte superior hai cor azul pode ser mar ou ceo. Falamos de se sempre o ceo é azul ou o mar é azul. Primeiro din que si. A parte de abaixo é gris e din que non pode ser o mar porque o mar nunca é gris; reflexionamos de novo sobre as cores do mar e din que o mar é azul, verde ou transparente. Tamén din que o ceo ás veces é gris, cando hai tormenta.</p>
	<p>3º peza (parte inferior dereita).</p> <p>Aparecen uns pés. Contamos cantos hai (3) e pregunto cantas persoas hai. Din que tres. Pregunto cantos pés ten unha persoa e din que dous. ¿Sempre temos dous pes? -pregunto. Si e non son as respostas. Din que hai algunha persoa non anda ben ou que rompeu o pé... Falamos de que hai persoas ás que lles falta un pé ou perna, ás veces van en cadeira de rodas... Pensamos outras opcións polas que falta un pé, para que haxa dúas persoas na imaxe. Din que pode ser que estea camiñando e un dos pés estea levantado, pode estar á pata coxa.</p>
	<p>4º peza (cadro abaixo esquerda).</p> <p>Aparece outro pé cunha especie de saia. Din que hai outra persoa porque está de lado e o outro pé non se ve. Pregunto se esas persoas se coñecen e din que si porque os pés están a mirarse, unha punta apunta a outra punta.</p>




5º peza (seguinte á dereita).

Destapamos a seguinte peza e aparece un neno. ¿Que esta a facer pregunto? Din que loitar, que está serio, triste. Falamos da diferenza entre serio e triste. Serio din que é cando dis “ya no soy tu amigo” ou “no puedes jugar” e triste cando choras. Outra nena di que está enfadado e pregunto a diferenza entre enfadado e serio. Di que triste é cando está solo pero que enfadado e serio é parecido.



6º peza (dereita superior).

Destapamos a seguinte peza e aparece o señor. Din que é o avó. Din que é o avó porque é vello. Ten os brazos cruzados porque está enfadado ou porque lle pegaron. Os avós sempre son vellos.



7º peza (esquerda).

Aparece un vestido negro. Din que é unha árbore (xa non lembran que ten un pé). Descubren que está o mar, así que xa falamos de que están nunha praia. Pregunto se é verán ou inverno e din que verán porque o ceo é azul. Como van vestidos explican que á praia vas vestido e despois ispes, así que podería ser que acaban de chegar ou que van marchar. Parece que fai frío así que tamén pode ser que o día se estragase, porque falamos das expresións da cara e non semella que o estean a pasar moi ben. Xustifican dicindo que o día anubrou e teñen que marchar da praia.



8º peza (esquerda arriba).

Aparece a cara da muller e din que é a nai. Que son amigos. Que están a mirar para o chan porque igual queren facer un camiño na area, buscar un tesouro ou cunchas.